

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009
- Decreto polo que se modifica o Decreto 143/2008, do 3 de xullo, polo que se crea o Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formular ao Goberno da Nación requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional en relación coa Resolución do 22 de setembro de 2009, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se convoca a concesión de subvencións para a realización de programas específicos de formación e inserción laboral a favor de mozos desempregados, en situación ou con risco de exclusión social
- Acordo polo que se interpón conflito positivo de competencias perante o Tribunal Constitucional en relación coa Resolución do 16 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Integración dos Inmigrantes, pola que se convoca a concesión de subvencións a municipios, mancomunidades de municipios e comarcas para o desenvolvemento de programas innovadores a favor da integración de inmigrantes
- Acordo polo que se nomean representantes da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de transferencias Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Miño, para a execución das obras de remodelación da rúa A Carreira de Miño por importe dun millón cincocentos tres mil setecentos quince euros con setenta e catro céntimos (1.503.715,74 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cartelle, para a execución de obras en materia de urbanismo por importe de cento oitenta e oito mil catrocentos setenta e oito euros con catorce céntimos (188.478,14 €)
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Vivenda e Solo para subscribir e desembolsar participacións por un importe de cinco millóns oitocentos noventa e nove mil novecentos cincuenta euros (5.899.950,00 €) na ampliación de capital promovida pola sociedade *Solo Empresarial do Atlántico S.L.*
- Acordo polo que se modifica a Resolución do 15 de outubro de 2007, polo que se encarga a empresa pública *Xestur Pontevedra S.A.* a adquisición de terreos correspondentes ás etapas 3ª (fase B), 4ª, 5ª e 6ª do solo residencial de San Paio de Navia (Vigo)
- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da resolución pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2010 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Universidade de Vigo, para o financiamento do *Máster en Comercio Internacional 2009/2010*, por importe de corenta mil euros (40.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade, superar o prazo de

vixencia máximo de cinco (5) anos e para excepcionalar a solicitante na achega de garantías reais suficientes na concesión dos avais a *Géneros de Punto Montoto, S.A.* Exptes. nº AV/0410-1 e nº AV/0410-2, por importe de cinco millóns oitocentos mil euros (5.800.000,00. €)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade do Estado do Río de Janeiro, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación do proxecto *Escuela 2.0*, por un importe de oito millóns de euros (8.000.000 €)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral do Hospital Meixoeiro do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo por un importe total de catro millóns dezanove mil oitocentos euros (4.019.800 euros)
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación correspondente á fase II do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, por un importe total de corenta e un millóns setenta mil novecentos cincuenta e seis euros con dous céntimos (41.070.956,02 €).
- Acordo de prórroga do concerto do 29 de abril de 2005 establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Congregación do Santo Hospital da Caridade de Ferrol*, da que depende o *Hospital Xeral Juan Cardona*, para a prestación de servizos sanitarios a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde.
- Acordo de prórroga do concerto do 1 de marzo de 2004 establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, José Antonio Quiroga y Piñeyro*, para a prestación de servizos en materia oncolóxica.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e *Scarpellini Proyectos S.L.* para a realización conxunta de actividades de promoción e difusión da arte e dos artistas galegos dentro da IV edición da Feira internacional de arte contemporánea Espacio Atlántico, por importe total de douscentos mil euros (200.000 euros)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a prórroga, para o ano 2010, do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, extinta Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e a entidade *Aclad-Alborada* de Vigo, por un importe de douscentos setenta e oito mil novecentos vinte e sete euros con dezasete céntimos (278.927,17 €)
- Acordo polo que se autoriza a prórroga, para o ano 2010, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Internacional O'Belén*, para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico no *Centro de Atención Específica de Montefiz*, por un importe dun millón douscentos vinte e oito mil oito euros con vinte e oito céntimos (1.228.008,28 €)
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2010 do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Camiña Social*, para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico no *Centro educativo Concepción Arenal*, por un importe de dous millóns cento dezasete mil cincocentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (2.117.525,61 €)
- Acordo polo que se autoriza a prórroga, para o ano 2010, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Asociación Centro Trama*, para a execución da medida xudicial de asistencia a centro de día, así como das outras medidas de medio aberto recollidas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, e a medida extraxudicial de reparación do dano en virtude do artigo 19 da mencionada lei, por un importe de cento sesenta e un mil seiscentos vinte euros (161.620 €)

- Acordo polo que se autoriza a prórroga, para o ano 2010, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Camiña Social*, para a atención de menores no *Centro de Intervención e Execución de Medidas Xudiciais en Medio Aberto (CIEMMA-Coruña)*, por un importe de cincocentos cincuenta e dous mil euros (552.000 €)
- Acordo polo que se autoriza a prórroga, para o ano 2010, do convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado e a *Asociación Dignidad-Lugo*, para a execución da medida xudicial de asistencia a centro de día, así como das outras medidas de medio aberto recollidas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, por un importe de cento sesenta mil catrocentos dous euros con vinte e tres céntimos (160.402,23 €)
- Acordo polo que se autoriza a prórroga, para o ano 2010, do convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado e a *Asociación Arela*, para a execución da medida xudicial de asistencia a centro de día (*Centro de Atención de Día Arela-López Mora*) así como das outras medidas de medio aberto recollidas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, por un importe de cento oitenta e oito mil seiscentos vinte euros con corenta e nove céntimos (188.620,49 €)
- Acordo de prórroga, para o ano 2010, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Camiña Social*, para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico no *Centro Educativo de Monteledo*, por un importe de dous millóns douscentos sesenta e oito mil setecentos oitenta e tres euros (2.268.783 €)

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación, polo procedemento de emerxencia, do expediente de obras de reparación de fachadas no grupo de 42 vivendas de protección pública da avenida da Coruña, Lugo, por un importe de trinta e nove mil setecentos noventa e cinco euros con cincuenta e sete céntimos (39.795,57 €)
- Informe sobre o Programa – marco galego fronte ao cambio climático 2010-2020.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Rede de Xestores de Innovación de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia no ano 2009
- Informe sobre o desenvolvemento da oferta de emprego 2008/2009

A XUNTA APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO MÁIS AUSTERA DOS ÚLTIMOS ANOS CUNHA OFERTA DE 167 NOVAS PRAZAS PARA O ANO 2009

- *As 167 novas prazas aprobadas responden estritamente ás necesidades da Administración para o seu bo funcionamento*
- *Nesta OEP están incluídas as prazas xa aprobadas do Plan de Consolidación asinado no ano 2008 e as de promoción interna que non supoñen cobertura de vacantes*
- *Do total das prazas da oferta de emprego público presentada, 247 corresponden a persoal funcionario e 670 a persoal laboral; así como 20 non publicadas da ampliación da OEP do ano 2008 e aínda non convocadas*
- *A oferta de emprego público ten o obxectivo de reducir a temporalidade no emprego respectando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade*
- *Reservarase unha cota non inferior ao 7% das vacantes ofertadas para seren cubertas por persoas con discapacidade*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá a oferta de emprego público (OEP) máis reducida dos últimos anos, cun total de 167 novas prazas non ofertadas ata agora que responden estritamente ás necesidades da Administración para o seu bo funcionamento e que só inclúen a taxa de reposición do 30% das vacantes existentes.

Nesta OEP 2009 inclúense tamén as prazas xa aprobadas do Plan de Consolidación asinado no ano 2008, así como as de promoción interna que non supoñen cobertura de vacantes, xa que se opta polo sistema de reclasificación da praza. Polo tanto, a oferta de emprego público aprobada hoxe ofrece un total de 937 prazas, das que só 167 corresponden a vacantes non ofertadas en anos anteriores.

Na oferta de emprego público presentada pola Consellería de Facenda, 247 prazas corresponden a persoal funcionario, das que 199 son prazas de administración xeral e 48 de administración especial. Dentro destas prazas de persoal funcionario apróbanse 110 pola quenda de promoción interna, que serán convocadas de forma independente, e que responden ao obxectivo de vincular o progreso profesional coa mellora do servizo público. Así mesmo, están previstas tamén 670 correspondentes a persoal laboral; así como 20 non publicadas da ampliación da OEP do ano 2008 e aínda non convocadas.

No ámbito laboral e co obxectivo de reducir a temporalidade, apróbanse 670 prazas derivadas dos procesos de consolidación, das que 433 xa foran aprobadas e publicadas no decreto de oferta do ano 2008 para as cales hai algunhas variacións motivadas polos axustes producidos nos procesos de consolidación de persoal laboral regulados na disposición transitoria décima do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Ademais, as outras 237 foron aprobadas na ampliación da oferta de emprego do ano 2008, pero non foron publicadas no *Diario Oficial de Galicia*. Por todo isto, cómpre volver publicar a totalidade de prazas afectadas por este proceso.

Redución da temporalidade

A regulación normativa contida na modificación da Lei da función pública de Galicia e no Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia inclúe o obxectivo de redución da temporalidade no emprego público respectando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, xa que establecen procesos selectivos abertos e de libre concorrència.

A oferta de emprego público inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas con efectivos de persoal existentes.

Reservarase unha cota non inferior ao 7% das vacantes ofertadas para seren cubertas por persoas con discapacidade e durante o proceso selectivo darase un tratamento diferenciado no que se refire ás relacións de admitidos, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobados.

Prazas vacantes de corpos e escalas de administración xeral e especial segundo consta no Rexistro Central de Persoal descontadas as que están en oferta actualmente:

- Vacantes: 570
- 30%: 171
- Para descontar por promoción interna: 80
- Prazas que se poden convocar: 171
- Prazas convocadas: 167



ANEXO OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2009**I- ADMINISTRACIÓN XERAL****I. 1. PROMOCIÓN INTERNA:**

Corpo superior de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1)	25
Corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2)	25
Corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1)	30
Corpo auxiliar da Xunta de Galicia (subgrupo C2)	30
TOTAL	110

I.2. ACCESO LIBRE**- Corpos xerais:**

Corpo superior de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1)	20
Corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2)	15
Corpo auxiliar da Xunta de Galicia (subgrupo C2)	30

- Escalas:

Corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2)	
- Escala técnica de estatísticos	4
TOTAL	69

I. 3. CONSOLIDACIÓN**- Escalas:**

Corpo superior de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1):	
- Escala superior de finanzas	13
- Escala superior de estatísticos	1
Corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2):	
- Escala técnica de finanzas	5
Corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1):	
- Escala subinspección de consumo	1
TOTAL	20
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL	199

II. ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**II.1. ACCESO LIBRE**

Corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1):	
- Escala de arquitectos	10
- Escala de enxeñeiros industriais	4
- Escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos	6
Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (subgrupo A2):	

- Escala de arquitectos técnicos	6	
- Escala enxeñeiros técnicos agrícolas	10	
- Escala de enxeñeiros técnicos obras públicas	10	
Corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia (subgrupo C1):		
- Delineantes	2	
TOTAL ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	48	
TOTAL DE PERSOAL FUNCIONARIO	247	
- Escala de axentes facultativos medioambientais (proveñen da anterior OEP)		20

I.- PERSOAL LABORAL

I.1. PLAN DE CONSOLIDACIÓN 1ª PARTE

Grupo I	165
Grupo II	47
Grupo III	52
Grupo IV	168
Grupo V	11
TOTAL	443

I.2. PLAN CONSOLIDACIÓN 2ª PARTE

Grupo I	128
Grupo II	38
Grupo III	31
Grupo IV	27
Grupo V	3
TOTAL	227
TOTAL GLOBAL	670

TOTAL OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO **937**



A XUNTA MODIFICA O CONSELLO ASESOR PARA A INTEGRACIÓN DA DISCAPACIDADE NA FUNCIÓN PÚBLICA CO FIN DE ADAPTALO AO NOVO ORGANIGRAMA DA ADMINISTRACIÓN E POÑELO EN FUNCIONAMENTO

- *O Consello Asesor foi creado como órgano técnico de asesoramento e participación coa finalidade de estudar e promover as iniciativas que se desenvolvan para acadar unha inserción laboral efectiva das persoas con discapacidade na Administración*
- *Como novidade, durante o proceso selectivo, darase un tratamento diferenciado ás dúas quendas convocadas –ordinaria e para persoas con discapacidade- no que se refire ás relacións de admitidos, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobados*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá a modificación do Decreto 143/2008, do 3 de xullo, polo que se crea o Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega, co fin de adaptalo ao novo organigrama da Xunta de Galicia e poñelo en funcionamento. Este Consello Asesor foi creado como órgano técnico de asesoramento e participación coa finalidade de estudar e promover as iniciativas que se desenvolvan para acadar unha inserción laboral efectiva das persoas con discapacidade na Administración.

O obxectivo da modificación aprobada hoxe é adaptar a súa composición ao novo organigrama da Administración autonómica e dos seus departamentos, xa que no seu momento creouse adscrito á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dirección xeral que na actualidade depende da Consellería de Facenda. A modificación permitirá finalmente poñelo en marcha e actualizar tamén os prazos previstos na súa aplicación.

Ademais, como novidade, hai que destacar que a partir de agora durante o proceso selectivo darase un tratamento diferenciado ás dúas quendas convocadas –quenda ordinaria e quenda para persoas con discapacidade- no que se refire ás relacións de admitidos, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobados. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase un listado único en que se incluírán todos os candidatos presentados que superasen todas as probas selectivas, tanto pola quenda ordinaria como pola de persoas con discapacidade, ordenados pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participasen.

A XUNTA FORMULARALLE AO GOBERNO UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA PARA QUE RESPECTE A FACULTADE DE GALICIA NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A MOZOS DESEMPREGADOS

- *De acordo coa análise da distribución de competencias levada a cabo pola Xunta, conclúese que a execución da lexislación estatal na materia referida lle corresponde á Comunidade Autónoma*

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia da Resolución do 22 de setembro de 2009, do Servizo Público de Emprego Estatal, por entender que invade as competencias da Administración autónoma galega. Nesta resolución convócase, concretamente, a concesión de subvencións para a realización de programas específicos de formación e inserción laboral a favor de mozos desempregados en situación ou con risco de exclusión social.

O Goberno galego considera que a resolución é inconstitucional porque a facultade de convocatoria pertence á dimensión executiva ou de xestión e polo tanto corresponde ás comunidades autónomas e non prevé a territorialización dos fondos nas comunidades. Ademais, os criterios que achega o Estado para centralizar a xestión destas subvencións, como son a supraterritorialidade e a mobilidade dos beneficiarios, non implica de forma automática a exclusión das competencias autonómicas de xestión.

Doutra banda, tendo en conta que se trata dunha acción subvencional, a Xunta considera que se deben aplicar as regras establecidas pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional na Sentenza 13/1992, relativa ao *spending power* ou “poder de gastar do Estado”. Así, segundo o Constitucional, este poder de gasto non constitúe un título atributivo de competencias e vai unido á competencia sobre a materia na que incide. Polo tanto, de acordo coa análise da distribución de competencias levada a cabo polos profesionais da Xunta de Galicia, conclúese que a execución da lexislación estatal na materia referida lle corresponde á Comunidade Autónoma.

Por todos estes motivos, a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, e resérvase o dereito de acudir ao Alto Tribunal no caso de que a resposta non satisfaga os intereses propios da Comunidade galega.

A XUNTA LEVARÁ ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL AS AXUDAS ESTATAIS PARA A INTEGRACIÓN DE INMIGRANTES POR CONSIDERAR QUE NON RESPECTAN OS INTERESES GALEGOS

- *O Goberno galego interporá un conflito positivo de competencias despois de recibir unha contestación non favorable do Estado ao seu requirimento de incompetencia*
- *A Xunta argumenta que a materia subxacente na convocatoria estatal é a de asistencia social, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia*

O Consello da Xunta deu o visto e praxe esta mañá á proposta da Comisión de Seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas para a interposición dun conflito positivo de competencias ante o Tribunal Constitucional respecto dunha convocatoria estatal de axudas para a integración de inmigrantes. Trátase da Resolución do 16 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Integración dos Inmigrantes, pola que se convocan subvencións dirixidas a municipios, mancomunidades de municipios e bisbarras para o desenvolvemento de programas innovadores a favor da integración de inmigrantes.

O Goberno galego argumenta que nin na resolución pola que se convocan as axudas, nin na orde que recolle as súas bases -Orde TIN/2158/2008, do 18 de xullo- existe unha cita do título competencial en que se basea o Estado para a convocatoria destas axudas e polo cal toda a súa xestión se lle encomende a el. Neste sentido, ante o silencio das normas analizadas respecto do título competencial aplicable á actuación subvencional, dedúcese que a materia subxacente é a de asistencia social, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, hai que lembrar que o Estado non conta cun título suficiente que poida prevalecer ou incidir nesta concreta acción.

O pasado 29 de outubro o Consello da Xunta xa lle formulou un requirimento de incompetencia ao Estado por considerar que esta resolución sería inconstitucional no seu conxunto, por obviar totalmente a actuación da Comunidade Autónoma de Galicia, e que subsidiariamente habería invasión competencial en varios artigos e anexos da norma. Neste sentido, tamén destacaba, como xa ten feito noutros casos, que ao tratarse dunha acción subvencional, se deben aplicar as regras establecidas pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional da STC 13/1992, relativa ao poder de gasto do Estado.

Con posterioridade, mediante acordo do Consello de Ministros do 27 de novembro, o requirimento foi contestado polo Goberno do Estado tentando xustificar a

constitucionalidade da resolución baseándose en tres argumentos: o artigo 149.1.2. da Constitución española, relativo aos dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, que habilitaría a actuación exclusiva do Estado; o feito de que se financien competencias propias das entidades locais, polo que o Estado podería prescindir nesta acción subvencional da participación das comunidades autónomas; e que a natureza dos programas teñen dimensión estatal pola súa natureza e obxectivos.

Ningún destes argumento é aceptado pola Comisión de Seguimento normativo, entre outras razóns porque considera que este caso non se refire á inmigración en sentido estrito, senón á "integración" e polo tanto á "asistencia social". Así mesmo, considera que cando o Estado basea a súa actuación en que as entidades locais teñen competencia tamén en materia de asistencia social, e que pode financiar a súa actuación sen que a Comunidade Autónoma actúe de intermediaria, o Goberno central actuaría con descoñecemento das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia de asistencia social.

Así, de conformidade co informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e logo da aprobación da Dirección Xeral de Relacións Institucións e Parlamentarias, así como da Consellería de Traballo e Benestar e a Secretaría Xeral de Emigración, a Comisión de Seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas considerou oportuno continuar co procedemento de conflictividade constitucional e que sexa o Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da Constitución, o que resolva a controversia.

A XUNTA NOMEA AOS REPRESENTANTES GALEGOS NA COMISIÓN MIXTA DE TRANSFERENCIAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento dos representantes galegos na Comisión Mixta de Transferencias Administración Xeral do Estado- Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta nomeou como vogais aos conselleiros de Facenda –Marta Fernández Currás-; Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras –Agustín Hernández-; Economía e Industria –Javier Guerra-; Educación e Ordenación Universitaria –Jesús Vázquez-; Sanidade –Pilar Farjas-; e Cultura e Turismo –Roberto Varela-.

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, ostentará a vicepresidencia da Comisión Mixta de Transferencias, cuxa presidencia corresponde ao Estado. O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Roberto Castro, exercerá de secretario.

Ademais tamén se integran no órgano un representante por cada grupo parlamentario da Cámara galega. Por parte do Grupo Popular farao Antonio Rodríguez Miranda, o Grupo Socialista estará representado por José Manuel Lage e en nome do grupo do BNG figura Anxo Quintana. Como suplentes figuran Pedro Puy (PP), Beatriz Sestayo (PSdeG) e Alfredo Suárez Canal (BNG).

O GOBERNO GALEGO SUBVENCIONA CON 1,5 MILLÓNS DE EUROS AS OBRAS DE REMODELACIÓN DA RÚA A CARREIRA, EN MIÑO

- *O proxecto reformará o actual acabamento das rúas comprendidas nesta travesía, polo que se realizará un tratamento uniforme, distinguindo non obstante as zonas peonís das zonas onde se permite o tráfico rodado*
- *Como proposta á redución das zonas de tránsito rodado proxectouse a realización dun aparcadoiro subterráneo que se localiza na actual praza de Raxel*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Miño para finalizar as obras de remodelación da rúa A Carreira, neste concello coruñés. O importe da actuación elévase a 1.503.715 euros que serán asumidos ao 100 por cento polo departamento que dirixe Agustín Hernández en tres anualidades distintas.

O obxecto do convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre as dúas administracións co obxectivo de rematar os traballos necesarios para culminar a remodelación da rúa A Carreira.

Este proxecto reformará o actual acabamento desta travesía, polo que se realizará un tratamento uniforme, distinguindo non obstante as zonas peonís das zonas onde se permite o tráfico rodado. Deste xeito, foméntase o uso peonil do conxunto, alargando as beirarrúas e dotándoas de novo pavimento, mellor mobiliario, novas xardineiras e mellor iluminación para mellorar a estética do espazo público.

Non obstante, como proposta á redución das zonas de tránsito rodado proxectouse a realización dun aparcadoiro subterráneo que se localiza na actual praza de Raxel. Tamén se pretende establecer outra área de aparcadoiro no antigo acceso á estación de Renfe, dotando a zona de estacionamentos a ambos os lados da calzada e englobándoa no ámbito de actuación.

A actuación tamén repercutirá nos servizos da rede de saneamento, na rede de augas pluviais, na rede de auga potable, de iluminación pública e na rede de media e baixa tensión.

Cómpre sinalar que a finalidade é incrementar a calidade da rúa e dos demais espazos urbanos, de xeito que se lle proporcione aos usuarios unha maior comodidade, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos e fomentando as relacións dos cidadáns na procura dun desenvolvemento harmónico.

Neste contexto, a Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Miño, trata de executar uns investimentos que dan solución eficaz aos problemas nas infraestruturas urbanas do concello, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

Concretamente, esta actuación propiciará o desenvolvemento e a renovación dunha área central do núcleo urbano, potenciando o uso público do espazo libre mediante a habilitación de zonas de coexistencia e logrando un maior protagonismo do peón dentro da vía pública, respondendo ás necesidades propias dunha zona que pretende converterse no referente de calidade para o tecido urbano do núcleo de Miño.

Obrigas municipais

A través desta colaboración, o Concello de Miño está obrigado a redactar o proxecto de construción, a realizar as xestións necesarias para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción da obras.

Por outra banda, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a realización de actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

A XUNTA DE GALICIA EXECUTA OBRAS DE MELLORA EN ESPAZOS PÚBLICOS DE CARTELLE POR UN VALOR DE PRETO DE 190.000 EUROS

- *O proxecto prevé a rehabilitación de pavimentos de rúas, renovación de mobiliario urbano, mellora do saneamento e da iluminación pública*
- *Os fins principais destas actuacións son o desenvolvemento económico e a cohesión social do municipio*
- *As obras benefician a un total de 3.436 habitantes de Cartelle*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cartelle para a execución de obras en materia de urbanismo.

A Xunta de Galicia realiza unha achega económica de 188.478 euros para este proxecto cuxa clave consiste en acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de intervención en espazos públicos neste núcleo ourensán. Este acordo enmárcase no programa de colaboración técnica e financeira que o Goberno galego leva a cabo cos entes municipais.

Por unha parte, completaranse as actuacións executadas en 2008, centradas na mellora de pavimentación da praza do cruceiro, soterrando os cables aéreos e renovando a iluminación e o mobiliario urbano. Ademais, rehabilitaranse os pavimentos da rúa, potenciando os pequenos espazos da localidade de Cartelle.

Por outra parte, afrontarase a recuperación da fonte existente na saída do núcleo, creando un espazo de estar na súa parte superior, limpando esta e deixando á vista a canle de auga. Tamén se actuará sobre a dotación dos servizos de abastecemento e distribución de auga, saneamento ou iluminación pública.

Cómpre sinalar que estas accións precisan dun coidadoso acondicionamento, xa que o núcleo afectado alberga unha arquitectura popular moi valiosa que, salvo algunhas excepcións, se atopa nun proceso de grave deterioración.

Obxectivos

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante este tipo de obras, tenta converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade, participando así como axente activo do desenvolvemento económico e da cohesión social.

O acordo constitúe un incentivo para que os residentes impulsen os labores de rehabilitación das edificacións e consecuentemente contribúan á creación de espazos atractivos para a posta en marcha das actividades cotiás, mellorando a calidade de vida dos cidadáns.

O acondicionamento beneficia un total de 3.436 habitantes do Concello de Cartelle.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O IGVS PARA SUSCRIBIR A AMPLIACIÓN DE CAPITAL DA EMPRESA PÚBLICA *SUELO EMPRESARIAL DEL ATLÁNTICO (SEA, S.L.)* POR PRETO DE SEIS MILLÓNS DE EUROS

- *O IGVS participa no capital da empresa nun 15 por cento e destinará 5.899.950 euros á súa ampliación*
- *En setembro o IGVS xa subscribira unha primeira ampliación de capital da empresa por importe de 1.980.000 euros*
- *Infoinvest, empresa de promoción de solo da SEPI, é socia do IGVS en Suelo Empresarial del Atlántico*
- *As actuacións en marcha actualmente supoñen 4 millóns de metros cadrados do solo empresarial en 14 parques industriais*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a subscribir a ampliación de capital da sociedade *Suelo Empresarial del Atlántico (SEA S.L.)*, na cal o IGVS participa cun 15 por cento do capital. O IGVS desembolsará 5.899.950 euros para subscribir a dita ampliación de capital. O IGVS xa fora autorizado en setembro deste mesmo ano a subscribir unha primeira ampliación de capital de SEA por importe de 1.980.000 euros.

Suelo Empresarial del Atlántico é unha sociedade dedicada á promoción de solo para uso empresarial en toda Galicia, con capital de *Infoinvest*, a empresa de promoción de solo da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e o Instituto Galego da Vivenda e Solo. *Infoinvest* participa na sociedade cun 85 por cento do capital e o IGVS co 15 por cento restante.

A ampliación de capital faise necesaria polo volume de investimentos de SEA, que acada os 48 millóns de euros en 2009 e 2010, mentres o capital social da empresa continuaba sendo o inicial de 11.505.440 euros.

Suelo Empresarial del Atlántico concentra as súas actuacións na zona costeira da provincia da Coruña, con actuacións en Camariñas, Cee, Ferrol (San Pedro de Leixa), A Laracha, Laxe (en estudo), Malpica de Bergantiños, Muros, Rianxo e Vimianzo. Na provincia de Lugo actúa en Mondoñedo e na de Pontevedra en Catoira, A Guarda-O Rosal e Vilanova de Arousa.

As actuacións en marcha actualmente supoñen 4 millóns de metros cadrados do solo empresarial en 14 parques industriais.

PARQUES SEA GALICIA	INVESTIMENTO (Millóns de euros)			SUPERFICIE (m ²)
	TOTAL	2009	2010	
A CORUÑA	92,41	24,82	18,33	2.968.999
1.-VIMIANZO	11,35	1,43	0,56	335.095
2.-MALPICA DE B.	2,31	0,12	0,07	54.979
3.-MUROS	8,6	0,85	0,2	196.207
4.-CEE	7,63	3,45	0,51	228.770
5.- A LARACHA	13,84	2,19	4,94	825.249
6.-CAMARIÑAS	2,58			59.840
7.-RIANXO	10,36	6,62	2,11	317.728
8.-FERROL	33,07	10,16	9,94	900.623
9.-LAXE	2,67			50.508
LUGO	2,3	0,02	0,19	70.000
1.-MONDOÑEDO	2,3	0,02	0,19	70.000
PONTEVEDRA	41,37	2,41	2,34	1.009.880
1.-CATOIRA	4,18	0,1	0,17	91.139
2.-VILANOVA DE AROUSA I	14,86	1,88	1,31	315.672
3.-A GUARDA-ROSAL	10,76	0,43	0,86	260.211
4.-VILANOVA DE AROUSA II	11,57			342.858

TOTAL GALICIA	136,08	27,25	20,86	4.048.879
---------------	--------	-------	-------	-----------

A XUNTA INVESTIRÁ MAIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS EN 2010 PARA ADQUIRIR SOLO EN SAN PAIO DE NAVIA (VIGO) CO OBXECTIVO DE CONSTRUIR 600 NOVAS VIVENDAS PROTEXIDAS

- *O IGVS leva empregados case 40 millóns de euros nas actuacións en vivenda protexida neste barrio vigués*
- *Na actualidade estase a tramitar a modificación puntual do Plan Parcial, que permitirá o inicio do expediente de expropiación*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) incrementará en 325.993,5 euros os fondos previstos inicialmente para a adquisición do solo necesario para o desenvolvemento das etapas 3b, 4, 5 e 6 de San Paio de Navia (Vigo), segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta.

Así, a anualidade correspondente a 2009 incrementábase en 284.236 euros, o que supón un 93,5 por cento máis do inicialmente previsto para este fin, que era de 303.758,19 euros. Polo que respecta a 2010, o importe para a adquisición de terreos en San Paio de Navia incrementábase nun total de 113.571,40 euros.

Deste xeito, a Xunta de Galicia investirá o vindeiro ano 4,1 millóns de euros na compra de solo para novas vivendas de protección oficial en San Paio de Navia. Concretamente, atópanse pendentes de desenvolvemento as etapas 3A, 4, 5 e 6, que ocupan unha superficie total de 260.000 metros cadrados, dos que máis de 71.000 xa foron adquiridos xunto cos terreos correspondentes ás etapas 1, 2 e 3A, xa urbanizadas polo IGVS e sobre as que se asentán as vivendas construídas en Navia.

En outubro de 2007 a anterior Consellería de Vivenda e Solo iniciou o proceso para a adquisición dos 188.872 pendentes de compra por medio dunha resolución que tivo que ser modificada tres veces en 2008 para adecuar os fondos previstos ás necesidades reais.

Na actualidade estase a tramitar a redacción dunha modificación puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia para adaptalo ao Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (PXOU), e está previsto que quede aprobada en 2010, o que permitirá iniciar o proceso de expropiación dos terreos que non se poidan adquirir en compravenda.

As etapas pendentes de desenvolvemento en San Paio de Navia permitirán a construción de máis de 600 novas vivendas protexidas neste barrio.

As cifras de San Paio de Navia

O proxecto de urbanización de San Paio de Navia botou a andar en 1999 coa adquisición dos primeiros terreos por parte do IGVS, despois de desenvolver un longo proceso de redacción e aprobación dos documentos urbanísticos que permitiron o seu desenvolvemento.

Só tres anos máis tarde, en 2002, se adxudicaron as primeiras parcelas das etapas 1 e 2, cunha superficie de 635.000 metros cadrados, para a construción de 1.488 vivendas protexidas de promoción privada. A comezos de 2005 adxudicábase a redacción do proxecto básico para a construción das 384 vivendas de promoción pública que se están a construír no polígono e que foron sorteadas o pasado xullo.

Así, o Instituto Galego da Vivenda e Solo investiu nas etapas 1 e 2 preto de 32,5 millóns de euros.

Ademais, o organismo autonómico achega case 6 millóns de euros na zona verde de San Paio de Navia, que ocupa unha superficie de 89.217 metros cadrados, dos que 247.729 metros corresponden a prazas e os 64.488 restantes a paseos e bosque.

O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ MÁIS DE 4,7 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS DO PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2010

- *As subvencións dirixidas a inquilinos consisten no aboamento de entre o 50 e o 60 por cento do importe da renda, porcentaxe que pode chegar ao 80 por cento no caso das mulleres vítimas de violencia de xénero*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo destinará un total de 4.725.267,12 euros ás subvencións que se outorguen no primeiro semestre de 2010 no marco do Programa de vivenda en aluguer, cifra á cal se sumarán outros 500.000 euros destinados a subvencionar a rehabilitación de vivendas que posteriormente se poñerán en alugamento por parte dos seus propietarios.

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o gasto plurianual que suporán as subvencións ao alugamento concedidas no próximo ano, dado que estas axudas se conceden por un prazo fixo de doce meses, o que supón que todas aquelas que se conceden a partir do mes de febreiro non rematan ata o ano 2011.

Desta maneira, o Consello aprobou un gasto de 4.725.267,12 euros, dos que 3.628.187,87 euros corresponden á anualidade de 2010 e os restantes 1.097.079,25 á anualidade de 2011. Ademais destinaranse 500.000 euros ás axudas concedidas aos propietarios de vivendas para a súa rehabilitación e posterior posta en réxime de aluguer a través do programa.

Tal como establece o Decreto polo que se rexe o programa de alugamento, as axudas correspondentes a 2010 serán convocadas por medio dunha orde en que se indicarán os prazos da súa solicitude.

No marco deste programa, as subvencións dirixidas a inquilinos consisten no aboamento de entre o 50 e o 60 por cento do importe da renda, porcentaxe que pode chegar ao 80 por cento no caso das mulleres vítimas de violencia de xénero. En todo caso, os inquilinos deben destinar ao pagamento do aluguer, polo menos, o vinte por cento dos seus ingresos ponderados anuais.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O APOIO DO IGAPE AO MÁSTER EN COMERCIO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *A achega económica, de 40.000 euros, é unha mostra máis da aposta pola internacionalización das empresas galegas que promove a Consellería de Economía e Industria*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o apoio do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ao *Máster en Comercio Internacional* que promove a Universidade de Vigo. O Igape, dependente da Consellería de Economía e Industria, achegará a cantidade de 40.000 euros en concepto de colaboración económica para a realización das actividades do máster.

As razóns que xustifican este apoio subxacen na necesidade de prover o sistema social e produtivo galego de recursos humanos cualificados para poder acadar as taxas de competitividade que require unha economía moderna. Un paso máis para a formación de especialistas en loxística e comercio internacional constitúeo o apoio en Galicia aos estudos específicos destas materias, e de aí que o Igape e a Consellería de Economía e Industria consideren apropiado apoiar este curso por ser coincidente cos seus obxectivos.

A achega económica estará destinada a financiar a presenza no máster de relatores externos á universidade para conxugar teorías e práctica na formación dos alumnos, e se o Igape o considera conveniente, aproveitar os relatores externos para a realización de xornadas abertas ao mundo empresarial.

O *Máster en Comercio Internacional*, organizado pola Universidade de Vigo dentro do seu Programa oficial de posgrao, engloba actividades formativas, seminarios e prácticas en empresas relacionadas co comercio internacional coa intención de pór á disposición dos futuros profesionais o coñecemento que favoreza a súa integración no mercado laboral e facilitar a internacionalización das empresas galegas.

A XUNTA DE GALICIA APOIA A MONTOTO CON AVAIS POR IMPORTE DE 5,8 MILLÓNS DE EUROS DESTINADOS A GARANTIR A SÚA VIABILIDADE FUTURA

O Consello da Xunta de Galicia acordou autorizar a concesión, polo Instituto Galego de Promoción Económica, de avais por importe máximo de 5,8 millóns de euros, no marco dunha operación que contribuirá a impulsar a continuidade da firma no futuro, ao facilitar o refinanciamento a 11 anos, con catro de carencia, da totalidade da débeda que a empresa tiña garantida polo instituto dependente da Consellería de Economía e Industria. Con carácter previo ao acordo do Consello, a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos acordou declarar de especial interese socioeconómico para Galicia a operación que vai apoiar o Igape.

Con esta medida de apoio financeiro, unida á recente concesión dun préstamo participativo por *Xesgalicia*, aprobado o pasado 4 de novembro e tamén destinado a apoiar o plan de viabilidade que Montoto ten en marcha, dáse un paso fundamental para que en datas próximas se poida proceder ao levantamento do vixente concurso de acredores e clarexar así o futuro desta importante firma téxtil.

Fábrica Montoto

Constituída en 1983, como cristalización das actividades empresariais que viña desenvolvendo Fidel Montoto desde 1954, *Géneros de Punto Montoto* dedícase á fabricación de prendas exteriores. Con domicilio social en Lalín (Pontevedra), onde dispón de instalacións produtivas que suman máis de 22.000 metros cadrados, a empresa está internacionalizada e dispón tamén de instalacións industriais de máis de 6.000 metros cadrados en Pleven, Bulgaria.

Os importantes investimentos realizados por este grupo empresarial nun momento previo á caída de vendas no mercado, como consecuencia da crise xeneralizada, levaron á firma téxtil a dificultades que desembocaron nunha declaración legal en concurso voluntario de acredores, segundo auto do Xulgado Mercantil nº 2 de Pontevedra, do 3 de novembro do pasado ano.

Antes da aprobación do novo aval do Igape, a Consellería de Economía e Industria xa dera un paso importante para posibilitar o desenvolvemento do plan de viabilidade da firma. Así, a través de *Xesgalicia*, a sociedade xestora de fondos de capital risco da Xunta, aprobouse a concesión dun préstamo participativo de 1,3 millóns de euros, con cargo ao Fondo Adiante.

Co refinanciamento da débeda avalada polo Igape e o apoio aprobado por *Xesgalicia* danse pasos significados no desenvolvemento do plan de viabilidade de *Géneros de Punto Montoto* que, xunto co refinanciamento de débedas, recolle accións como a adecuación do cadro de persoal, que poderá medrar de novo a medio prazo, á medida que aumente a actividade da empresa. O plan de viabilidade tamén prevé a redución dos gastos operativos da empresa, xunto con accións comerciais encamiñadas a incorporar novas liñas de produto e mellorar as existentes.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E A UNIVERSIDADE DE RÍO DE JANEIRO PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA E A CULTURA GALEGAS

- *O acordo ten como obxectivo promover a docencia e a investigación da nosa literatura e cultura na Universidade do Estado brasileira*
- *Con estas axudas, a Secretaría Xeral de Política Lingüística demostra o seu compromiso coa normalización da lingua galega e coa súa difusión fóra do noso territorio*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas na Universidade do Estado do Río de Janeiro, en Brasil. En virtude deste acordo, a Consellería de Educación achegará un total de 63.976 euros para o desenvolvemento destas actividades ata o 31 de decembro do ano 2012, non só no ámbito académico, senón tamén en toda a súa área de influencia.

Coa sinatura deste convenio, a Secretaría Xeral de Política Lingüística –dependente da Consellería de Educación- dá continuidade aos estudos de lingua, literatura e cultura galegas que se veñen desenvolvendo desde o ano 1998 na universidade brasileira, no marco do Programa de estudos galegos do Instituto das Letras.

Ademais, esta subvención, que é compatible coa percepción de calquera outra destinada ao mesmo fin, Política Lingüística demostra o seu compromiso coa función normalizadora da lingua galega e coa súa difusión fóra do ámbito territorial que lle é propio.

Programa de estudos galegos

Ao abeiro deste convenio de colaboración, a Universidade do Estado de Río de Janeiro organizará cursos, conferencias, seminarios e outras múltiples actividades para a promoción e difusión da nosa lingua e cultura.

Ademais, comprométese a acoller un lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas, responsable de desenvolver as actividades recollidas no acordo asinado. Así mesmo, este lector ou lectora impartirá nesta universidade a materia obrigatoria 'Lingua portuguesa I' e as optativas 'Introdução á cultura galega', 'Lingua galega', 'Literatura galega I' e 'Literatura galega II'; así como as materias de posgrao na liña de pescuda na literatura portuguesa e outras literaturas.

A Universidade do Estado deberá facilitarlle a estadía, a este docente, permitíndolle o uso daquelas instalacións e medios que se atopen a disposición do profesorado para o desenvolvemento do seu labor. Pola súa banda, a achega económica da Consellería de Educación garante a posibilidade de adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para levar a cabo as iniciativas recollidas no convenio.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE EDUCACIÓN PARA A APLICACIÓN DO PROXECTO 'ESCUELA 2.0'

- *En virtude deste acordo, o Goberno central achegará 4 millóns de euros, a mesma cantidade que a Consellería de Educación, para implantar esta iniciativa en Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación para a aplicación en Galicia do proxecto 'Escuela 2.0'. Este acordo suporá o desembolso de catro millóns de euros por cada unha das partes asinantes, co fin de integrar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) nos centros educativos.

Coa implantación do 'Escuela 2.0', dotarase ás aulas galegas de 5º e 6º de primaria e de 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria de tableiros dixitais e conexión sen fíos a internet. Ademais, cada docente, alumno e alumna destes mesmos cursos terá o seu ordenador portátil, que empregará como ferramenta de traballo, tanto na clase como na casa.

Para garantir a correcta aplicación deste proxecto educativo, o profesorado recibirá a formación adicional necesaria para se adaptar ao ritmo que marcan as novas tecnoloxías. Esta formación estará asegurada non só nos aspectos técnicos, senón, sobre todo, nos metodolóxicos e sociais, para a integración destes recursos na súa práctica docente cotiá. As autoridades educativas porán tamén á disposición do profesorado contidos educativos dixitais e ferramentas informáticas que garantan o uso controlado das TIC no ámbito escolar, suxeitos preferentemente ás licenzas públicas de *Creative Commons*, que permiten compartir e empregar contidos sen necesidade de aboar dereitos de autor.

Por outra banda, a chegada desta iniciativa e a súa adaptación á realidade de Galicia suporá o desenvolvemento dos sectores informáticos e editoriais e unha nova oportunidade de nos situar entre os países máis avanzados no uso das TIC.

Unha estratexia propia

'Escuela 2.0' intégrase no proxecto galego de incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) á práctica educativa, denominado proxecto 'Abalar', que integra plenamente as novas tecnoloxías na práctica educativa cotiá, tanto desde o lado da docencia como desde o da aprendizaxe, implicando a todos os actores da comunidade educativa: profesores, alumnado e familias.

Así, nunha primeira fase (2009-2010), 'Abalar' equipará máis de 700 aulas de primaria e secundaria, alcanzando 14.000 alumnos e preto de 2.500 profesores. O proxecto, durante os próximos catro anos, estenderá as súas actuacións a máis de 4.400 aulas distribuídas en 1.085 centros, o que permitirá dar cobertura técnica a 87.400 alumnos.

O obxectivo é crear centros educativos dixitais, en que os métodos de ensino, os materiais, en xeral, os recursos educativos, pasen de ser os tradicionais aos dixitais, algo fundamental como punto de partida para lograr un éxito na carreira da dixitalización.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVISTE MÁIS DE CATRO MILLÓNS DE EUROS NA RENOVACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO HOSPITAL MEIXOEIRO DE VIGO

- *A contratación deste servizo realizarase para os vindeiros dous anos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral do Hospital Meixoeiro de Vigo por un importe total de 4.019.800 euros, distribuídos en dúas anualidades de 1.990.000 euros no 2010 e de 2.029.800 euros no 2011.

Esta contratación dá continuidade por dous anos e renova a anterior contratación externa que o Hospital Meixoeiro realiza desde a súa apertura no ano 1990 para o mantemento das súas instalacións por empresas externas especializadas.

En concreto, a autorización do concurso de hoxe abarca a contratación dos medios humanos, técnicos e organizativos para desenvolver o servizo de mantemento integral do Hospital Meixoeiro. O ámbito de actuación específico é o mantemento preventivo, correctivo, mellorativo e legal das instalacións.

Entendendo por estas actuacións as de mantemento e mellora das instalacións xerais (térmicas, frigoríficas, de distribución de auga para climatización e calefacción, acondicionamento e tratamento de aire, instalacións eléctricas, así como as de lavandaría ou cociña, entre outras).

A contratación tamén se encargará do mantemento de instalacións de especial consideración como aparellos elevadores, redes de gases medicinais, esterilización ou redes de voz e datos; da urbanización (que inclúe áreas de xardinaría e ornamentación); e doutros traballos xerais de limpeza e conservación do edificio.

O CONSELLO AUTORIZA O GASTO PARA A CONTRATACIÓN CORRESPONDENTE Á SEGUNDA FASE DO PLAN DIRECTOR DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA, NA CAL O SERGAS INVESTIRÁ 41 MILLÓNS DE EUROS

- *O plan acada unha superficie de ao redor de 23.000 metros cadrados, e suporá, entre outras modificacións, a construción dun novo servizo de urxencias, que multiplicará por catro a súa superficie actual*
- *O CHUAC será, grazas a este investimento, unha infraestrutura moderna e capaz de dar resposta ás necesidades asistenciais da súa área de influencia*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, autorizou hoxe o gasto para a contratación correspondente á II fase do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), na cal o Servizo Galego de Saúde vai investir 41 millóns de euros, para un prazo de execución previsto de 39 meses.

Desta maneira, o complexo hospitalario contará cunhas infraestruturas modernas, con capacidade para dar resposta ás necesidades asistenciais da súa área de influencia. Así mesmo, disporá dos espazos necesarios para facilitarlles aos profesionais o desenvolvemento da súa actividade de maneira comfortable, segura e saudable.

Esta nova realidade do hospital coruñés permitirá adaptalo a un contorno dinámico para, deste xeito, poder afrontar con todas as garantías os retos futuros deste centro sanitario. O CHUAC será así un hospital amigable e sen barreiras, para que os coidados aos pacientes se poidan realizar con todos os criterios de intimidade, seguridade e accesibilidade.

As modificacións enmarcadas neste plan director acadarán unha superficie de ao redor de 23.000 metros cadrados, e suporán, entre outras melloras, a construción dun novo servizo de urxencias, que multiplicará por catro a súa superficie actual. Tamén se procederá á remodelación dos servizos centrais, que afectará o bloque cirúrxico, esterilización e diagnóstico por imaxe e anatomía patolóxica do centro hospitalario da cidade herculina.

Ademais, levarase a cabo unha actualización dos servizos xerais, con reformas na Oficina de coordinación de transplantes, medicina preventiva, prevención de riscos laborais, hospitalización a domicilio, medicina de garda, atención ao paciente, departamento de traballo social e áreas administrativas.

Modificacións por áreas

O plan director do CHUAC recolle que no soto estará situada Anatomía Patolóxica (567 m²), e na planta baixa a cafetería de persoal (439 m²), a unidade de esterilización (723 m²), e os vestiarios (894 m²).

No primeiro andar é onde irá o servizo de urxencias, que disporá dunha superficie de máis de 2.500 metros cadrados (na actualidade ten 600), e estará dividido nunha área de triaxe, unha área de atención sanitaria, unha área de observación e resultados, e, ademais, unha cuarta zona destinada a diagnóstico por imaxe (con dúas salas de radioloxía, un TAC e unha nova sala de ecografía).

O segundo andar contará con outros 2.355 m² de ampliación do servizo de diagnóstico por imaxe, no cal estarán situadas oito novas salas de radioloxía, tres salas de ecografía e a nova resonancia magnética de 3T.

No terceiro andar situarase o bloque cirúrxico, con 2.629 m², que disporá de 19 quirófanos, que complementarán os 7 do Hospital Abente e Lago e os outros 7 do Teresa Herrera, o que sumará un total de 33 quirófanos en todo o complexo hospitalario coruñés.

Por último, no cuarto andar a distribución dos espazos será a seguinte: 92 m² para a oficina de coordinación de transplantes, 257 m² destinados a medicina preventiva, 122 m² para prevención de riscos laborais, 787 m², para medicina de garda, 115 m² para o servizo de hospitalización a domicilio, 97 m² destinados ao departamento de traballo social, 116 m² para atención ao paciente, e 376 m² dedicados a espazos comúns administrativos.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PRORROGA PARA O VINDEIRO ANO OS CONCERTOS QUE TEN ESTABLECIDOS CO HOSPITAL JUAN CARDONA O CO CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA

- *As achegas son por un importe de 13.002.440 de euros para o centro ferrolán e de 11.189.600 euros para o centro herculino*
- *A prórroga do concerto co Juan Cardona redúcese en preto dun 3% e a do Oncolóxico mantén as mesmas cantidades que no pasado ano*

O Servizo Galego de Saúde vai destinar o vindeiro ano un total de 24.192.040 euros para prorrogar os concertos que ten establecidos coa Congregación do Santo Hospital da Caridade de Ferrol, da que depende o Hospital Xeral Juan Cardona, e co Centro Oncolóxico de Galicia. Con tal efecto, o Executivo que preside Núñez Feijóo aprobou dous proxectos de acordo.

O proxecto de acordo referido á Fundación Congregación do Santo Hospital da Caridade de Ferrol pola prestación de servizos sanitarios a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Sergas, que realizará o Hospital Xeral Juan Cardona de Ferrol, acada un importe de 13.002.440 euros para 2010, o que supón unha redución de preto do 3% con respecto ao 2009.

Pola súa banda, o proxecto de acordo para o Centro Oncolóxico de Galicia, José Antonio Quiroga y Piñeyro, sito na cidade herculina, destinado á prestación servizos en materia oncolóxica, supón un orzamento doutros 11.189.600 euros, tamén para o vindeiro ano. A prórroga deste concerto non ten ningún incremento en relación co importe de 2009.

A continuidade dos concertos vai permitir atender a demanda de servizos sanitarios da poboación na área sanitaria de Ferrol e nas prestacións oncolóxicas, evitando desprazamentos e mellorando o tempo de atención aos pacientes.

CULTURA E TURISMO ACHEGARÁ 200.000 EUROS PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DOS ARTISTAS E DA ARTE CONTEMPORÁNEA GALEGA DENTRO DA FEIRA INTERNACIONAL “ESPACIO ATLÁNTICO” DE VIGO

- *O Consello da Xunta aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e Scarpellini Proyectos S.L. para a realización de actuacións conxuntas en torno a IV edición da Feira Internacional de Arte Contemporánea “Espacio Atlántico”*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e Scarpellini Proyectos S.L. para a realización conxunta de actividades de promoción e difusión da arte e dos artistas galegos dentro da IV edición da Feira Internacional de Arte Contemporánea *Espacio Atlántico*. A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, achegará un total de 200.000 euros ao desenvolvemento destas accións conxuntas.

O proxecto *Espacio Atlántico* pretende o fomento da cultura a través da arte contemporánea co obxectivo de reunir nun espazo de 12.000 m² un total de 50 galerías de primeiro nivel que van mostrar as novas tendencias da arte actual. Ao mesmo tempo, difunde a imaxe de Galicia como xeradora deste acontecemento, conseguindo que se fale da Comunidade Autónoma desde un punto de vista cultural.

A Consellería, a través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, considera esencial o establecemento destas accións conxuntas, enmarcadas nas súas competencias de fomento da cultura e de creación e difusión cultural. O desenvolvemento do programa conxunto levarase a cabo mediante accións como a colaboración na difusión e promoción de autores galegos, facilitando a presenza de galerías de arte galegas. Así mesmo, recolle a homenaxe a autores galegos de prestixio internacional da arte contemporánea, como a figura de Leopoldo Nóvoa; o fomento da relación cultural de Galicia con distintos países representados na feira; o fomento do coñecemento e disfrute da arte contemporánea; o apoio ás novas tendencias das artes plásticas e da fotografía ou o impulso á comunicación cultural entre as comunidades autónomas representadas en *Espacio Atlántico*.

Scarpellini Proyectos S.L. dirixirá e organizará a Feira Internacional entre os días 14 e 17 de xaneiro de 2010 no Recinto Ferial IFEVI de Vigo, onde se darán cita galerías españolas e estranxeiras que mostrarán en Galicia a obra (pintura, escultura, fotografía, gravado, vídeo, etc.) dos artistas máis acreditados da escena internacional. Por outra banda, Scarpellini Proyectos deberá recoller a imaxe da Xunta

de Galicia e do Xacobeo 2010 nas distintas accións de publicidade que se leven a cabo nos distintos medios de comunicación, prensa, radio, televisión e revistas especializadas, no catálogo-guía e na campaña publicitaria da feira ou en calquera outra campaña promocional que se desenvolva. O convenio estende a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2010.

A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 7 MILLÓNS DE EUROS EN 2010 Á RESERVA DE 139 PRAZAS PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS XUDICIAIS IMPOSTAS A MENORES

- *O Consello da Xunta, celebrado en Santiago, autorizou hoxe a prórroga de oito convenios de colaboración con diversas entidades de iniciativa social de toda Galicia*
- *Nalgúns centros non só se presta a atención que requiren os menores, senón que se fomenta a súa inserción sociolaboral*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga durante o ano que vén de oito convenios de colaboración con diversas entidades de iniciativa social de Galicia para a execución de medidas xudiciais impostas aos menores (derivadas da aplicación da L.O. 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores). En total, a Consellería de Traballo e Benestar destinará a este fin preto de sete millóns de euros, o que supón a reserva de 139 prazas nas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

En concreto, o Consello da Xunta autorizou a prórroga de dous convenios na Coruña. O primeiro é coa *Fundación Camiña Social* para a atención de menores en réxime de internamento no centro educativo Concepción Arenal (2.117.525 euros e 28 prazas). O segundo é tamén coa *Fundación Camiña Social* pero, neste caso, para atención de nenos e nenas no centro de intervención Ciemma, para a execución de medidas xudiciais en medio aberto. Para a prórroga deste último convenio, o Goberno galego destinará 552.000 euros. As instalacións dispoñen de 10 prazas.

Na provincia de Lugo, a Xunta asinará no 2010 a prórroga do convenio coa asociación *Dignidade* por valor de 160.402 euros para a execución de medidas xudiciais de medio aberto. Trátase dun centro de día que conta con 12 prazas.

Pola súa banda, o Goberno galego reserva 57 prazas para Ourense. Nesta provincia, Traballo e Benestar prorrogará o convenio coa *Fundación Camiña Social* para a atención de menores en réxime de internamento no centro educativo de Monteledo. Neste fin investirá 2.268.783 euros. As prazas suman 30. Ademais, a consellería seguirá durante 2010 a súa colaboración coa *Fundación Internacional O'Belén* para a atención de menores no centro de atención específica de Montefiz. Neste caso, os menores atópanse en réxime de internamento terapéutico. Para isto, destinaranse 1.228.001 euros e as prazas serán un total de 17.

Por último, en Ourense, a Administración autonómica prorrogará por valor de 161.620 euros o convenio coa *Asociación Centro Trama*. Este colectivo dispón dun centro de día cunha capacidade de 10 prazas. As instalacións están destinadas a execución de medidas xudiciais de medio aberto así como as medidas extraxudiciais de reparación do dano.

En Pontevedra, a contía que investirá Traballo e Benestar á prórroga de dous convenios suma 467.547 euros. Por unha banda, o Consello da Xunta autorizou hoxe a continuidade da colaboración coa entidade *Aclad-Alborada de Vigo*. A este colectivo destinará 278.927 euros o ano que vén. O centro dispón de 20 prazas.

Por outro lado, tamén a Administración autonómica poderá dispor de 12 prazas no centro de atención de día Arela-López Mora, un centro dirixido a menores con medidas xudiciais de medio aberto. A contía neste caso será de 188.620 euros.

Orientación e inserción laboral

Traballo e Benestar resaltou que nalgúns dos centros non só se presta a atención e coidados que os menores precisan, senón que tamén se fomenta a inserción sociolaboral dos menores. É o caso dos centros Concepción Arenal (A Coruña), Monteledo e Montefiz (Ourense), e Avelino Montero (Pontevedra).

APROBADA UNHA REPARACIÓN DE EMERXENCIA EN 42 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA DE LUGO, POR IMPORTE DE 39.795 EUROS

- *O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou hoxe ao Consello da Xunta do expediente, tramitado polo procedemento de urxencia*
- *A emerxencia detectouse ao iniciar obras de reparación de fachadas e canalóns, comprobándose que parte do peche exterior da fachada estaba deformado*

O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, informou hoxe ao Consello da Xunta da tramitación polo procedemento de emerxencia dun expediente para a rehabilitación das fachadas dun grupo de 42 vivendas de promoción situado na avenida da Coruña, no concello de Lugo.

No pasado mes de novembro comezaron as obras de reparación de fachadas e canalóns do devandito grupo de vivendas de promoción pública, por un importe de 35.900,53 euros. Unha vez comezadas as obras, apreciouse que o desprendemento do morteiro da fachada se debía a unha causa imprevista, consistente na deformación do peche de ladrillo da dita fachada, o que provocou que a folla exterior do cerramento se desprazara cara ao exterior, quedando practicamente sen apoio.

Ante esta situación, que exixía unha obra adicional á inicialmente prevista, iniciouse de forma inmediata un novo expediente de reparación do que hoxe se deu conta ao Consello da Xunta.

Este novo expediente prevé a desmontaxe de parte da fachada existente e a súa nova construción, así como as reparacións necesarias nas vivendas afectadas. O importe deste novo expediente acada os 39.795,57 euros.

O CONSELLO DA XUNTA ABORDOU A ESTRATEXIA GALEGA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO E O PROGRAMA DE ACCIÓN PARA O ANO 2010

- *A Xunta participou activamente nas reunións preparatorias do Cumio de Copenhague e adaptará as liñas de acción do Programa Marco Galego Fronte ao Cambio Climático 2010-2020 ao cumprimento dos acordos que resulten da reunión*
- *Este programa implicará de forma transversal a todas as consellerías e estrutúrase en dúas partes diferenciadas de acordo co horizonte temporal que vaia abarcar*
- *Neste Plan desenvolveranse campañas formativas para promover a comprensión e concienciación social do fenómeno e fomentar comportamentos de mitigación individuais*
- *A Xunta asume a súa responsabilidade para acadar as melloras posibles para o ambiente, polo que é necesario pór en marcha os proxectos estratéxicos que poidan desenvolverse en Galicia e que supoñan unha redución efectiva de emisións*

O goberno actual da Xunta de Galicia considera prioritario afrontar nesta lexislatura unha estratexia rigorosa, eficaz e realista en materia de loita contra o cambio climático. Así, a Consellería de Medio Ambiente informou hoxe no Consello da Xunta da elaboración do Programa Marco de Acción contra o Cambio Climático 2010-2020. Este programa implicará de forma transversal a todas as consellerías e estrutúrase en dúas partes diferenciadas de acordo co horizonte temporal que vaia abarcar.

Na súa primeira parte, traballarase nun horizonte temporal inmediato, cara o 2012, e comprende unha serie de medidas concretas que se desenvolverán no marco do cumprimento dos compromisos derivados do Protocolo de Kioto. Nestes primeiros anos o programa incluírá tres grupos de medidas nas cales se inclúen o Plan de Observación, Investigación e Adaptación; o Plan de Redución de Emisións e o Plan de Formación e Concienciación Cidadá.

O Plan de observación, investigación e adaptación establecerá as accións necesarias para o axuste aos cambios previsibles nos sistemas naturais, económicos e sociais potencialmente afectados, co fin de reducir os impactos negativos identificados e de aproveitar as oportunidades que puidesen derivar do propio cambio.

O obxectivo é poder anticiparse e prever solucións aos vindeiros problemas, polo que se potenciarán as redes de observación dos ecosistemas galegos e propóranse liñas de investigación que permitan coñecer os impactos nos sectores socioeconómicos.

Tamén se elaborarán guías de adaptación específicas para a avaliación do impacto do cambio climático e o desenvolvemento de medidas concretas de actuación nos planos político, estratéxico e operacional.

Por outra banda, traballárase no **Plan de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro**, polo que se establecerán medidas para lograr a diminución das emisións procedentes dos sectores difusos, é dicir, emisións non sometidas á Lei 1/2005, que regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro, a través das medidas concretas por sectores. Con isto, preténdese contribuír ao cumprimento do obxectivo español de redución de emisións para o período 2010-2012, tal como obriga a Directiva 2009/29/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009.

Esta emisións denominadas difusas (17,7 millóns de toneladas de CO₂ equivalente no ano 2007), representan aproximadamente o 50% do total de emisións producidas en Galicia. Finalmente, procederáse á avaliación e ao seguimento dos resultados en termos de redución de CO₂ nos casos en que a cuantificación obxectiva sexa posible.

A última fase desta primeira parte é o **Plan de formación e concienciación cidadá**, onde se desenvolverán campañas formativas co obxecto de promover a comprensión e concienciación social do fenómeno ademais de fomentar comportamentos de mitigación individuais. O Plan conterà actuacións específicas, que non só servirán para formar e concienciar ao cidadán no campo do cambio climático, senón que tamén promoverán unha ampla participación social.

Segunda parte

A segunda parte deste plan conterà varios proxectos estratéxicos para o período 2013-2020, e enmárcase no cumprimento do acordo que resulte do Cumio de Copenhague, en cuxas reunións preparatorias Galicia participou activamente. Así, incluíranse proxectos estratéxicos que colaborarán con España e coa Unión Europea na redución de gases de efecto invernadoiro para acadar os obxectivos globais que se establezan para o ano 2020.


O 5 de xuño de 2009, publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o "*Paquete de Enerxía e Cambio Climático*", en que se conteñen accións concretas e obxectivos ambiciosos para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Cabe recordar que Europa asumiu o compromiso de recortar, en 2020, as súas emisións totais de gases efecto invernadoiro nun 20% respecto aos niveis do 1990. Esta redución elevaríase ao 30% se outros países industrializados asumen o mesmo compromiso.

A Xunta de Galicia asume a súa responsabilidade para acadar as melloras posibles para o ambiente, polo que é necesario pór en marcha os grandes proxectos estratéxicos que poidan desenvolverse en Galicia e que supoñan unha redución efectiva de emisións.

Cronoloxía do Programa

Todas as consellerías da Xunta de Galicia poderán propoñer e incorporar medidas fronte ao cambio climático en todos os campos do Programa, xa sexa de redución de emisións, de adaptación ou de formación e concienciación, polo que é imprescindible a implicación de todo o Goberno galego.



Así, de acordo coas súas competencias, definirán as medidas, os orzamentos vinculados e os indicadores de seguimento, de maneira que a súa aplicación sexa o máis efectiva posible e abarque o maior número de ámbitos e sectores de Galicia.

A metodoloxía de traballo e o calendario previsto para a elaboración e aprobación do texto definitivo do Programa Marco, comezará a principios do vindeiro ano, xa que en xaneiro se levará a cabo a presentación do Programa aos equipos directivos de cada consellería. Nas reunións designarase un coordinador de cada departamento e

establecerase o calendario de reunións e remisión de propostas de medidas que se incorporarán ao documento.

No mes de marzo, procederase á elaboración do borrador de Programa, que se remitirá ao coordinador de cada consellería para a súa revisión e en maio iniciarase a tramitación da avaliación ambiental estratéxica, remisión ao Consello Galego de Medio Ambiente e a consultas e información pública. Posteriormente, procederase á súa aprobación polo Consello da Xunta antes de rematar o ano.

ECONOMÍA E INDUSTRIA PORÁ EN MARCHA UN PROXECTO PILOTO PIONEIRO EN ESPAÑA PARA DINAMIZAR A INNOVACIÓN NAS PEMES GALEGAS A TRAVÉS DE TÉCNICOS ESPECIALISTAS EN I+D+I

- *O proxecto, que hoxe foi presentado ao Consello da Xunta, consiste na creación da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (XIGA), que incorporará a nova figura dos xestores da innovación a 50 pemes galegas co obxectivo de fortalecer a súa competitividade*
- *O programa conta cun orzamento de 5 millóns de euros*
- *A Consellería de Economía e Industria financiará o adestramento destes técnicos para convertelos en expertos na xestión de proxectos innovadores e daralles facilidades ás empresas para a súa contratación*
- *Agárdase que as empresas que participen neste proxecto acaden un incremento do investimento en innovación dun 30%; un 50% máis de proxectos presentados a convocatorias competitivas de plans autonómicos, estatais e internacionais; e un aumento da facturación ligado á explotación dos resultados dos proxectos*

A Consellería de Economía e Industria presentou hoxe ante o Consello da Xunta o informe en que detalla o seu proxecto de creación da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (XIGA). Esta rede, que será pioneira en España, será o resultado dun programa piloto de formación de técnicos especialistas en materia de I+D+i e a súa incorporación a 50 pemes galegas. A Dirección Xeral de I+D+I farase cargo do adestramento de 50 profesionais -previamente seleccionados a través dun proceso competitivo- para convertelos en expertos na xestión de proxectos innovadores e cofinanciará os seus custos laborais durante os seus primeiros tres anos como parte do persoal das pemes beneficiarias.

As pequenas e medianas empresas participantes nesta primeira acción do Programa para o Impulso da Innovación das Pemes Galegas, promovido por Economía e Industria, recibirán axudas importantes para facer fronte aos gastos derivados da contratación destes expertos, que se materializarán no 70% do custo laboral o primeiro ano, o 50% o segundo, e o 30% o terceiro, sempre coa limitación máxima de 30.000 euros anuais en concepto de axuda.

Desta maneira, a Xunta quere contribuír ao financiamento destes novos postos de traballo nas pemes durante a súa etapa de consolidación, co obxectivo de aliviar os custos da empresa ata o punto en que se comecen a producir retornos do investimento nos proxectos de innovación xestionados por estes expertos. O orzamento total para abordar esta actuación no vindeiro trienio ascende a 5 millóns de euros.

As expectativas do programa prevén que as empresas contratantes de profesionais da Rede XIGA teñan acadado ao remate de 2012 un incremento do investimento en innovación dun 30%; un 50% máis de proxectos presentados a convocatorias competitivas de plans autonómicos, estatais e internacionais; e un aumento da facturación ligado á explotación dos resultados dos proxectos.

Fortalecer a economía galega

Mediante esta iniciativa, a Xunta trascende as accións de cofinanciamento de proxectos concretos de I+D+I empresarial –que seguirán estando vixentes– co obxectivo de capacitar as empresas para convertelas nas principais promotoras do aumento da súa competitividade a través de recursos propios.

Ante a realidade de que as pemes son o músculo principal da estrutura económica galega e de que para saír da crise cun posicionamento sólido e competitivo no novo escenario económico a clave está na innovación, buscouse unha actuación de efectos sostidos no tempo e que sexa extensible no futuro a máis empresas. Este programa é un anticipo das liñas de traballo que serán priorizadas no novo Plan Galego de I+D+I, en fase de deseño, e na nova Axencia Galega de I+D+I, que se porá en marcha durante o ano 2010.

Traballo en rede

Ao longo do mes de xaneiro de 2010 procederáse á selección dos candidatos a xestores expertos en innovación, que deberán posuír unha titulación superior; ter experiencia previa ou formación no eido da I+D+i; e contar con dominio do inglés e habilidades en TIC. A continuación, durante os meses de febreiro e marzo de 2010, terá lugar o programa de formación intensiva dos 50 candidatos seleccionados con 320 horas de sesións presenciais sobre temas relacionados coa xestión da innovación (sistemas de xestión da I+D+I, xestión administrativa e económica de proxectos de I+D+I, novas tecnoloxías, vixilancia tecnolóxica, fiscalidade da innovación, xestión da calidade, etc.).

Paralelamente, desenvolverase unha convocatoria pública para pemes, a través da que as empresas interesadas en integrar no seu cadro de persoal un xestor da innovación no marco deste programa deberán presentar a súa solicitude. Os requisitos que debe cumprir a empresa para poder participar nesta acción son: reunir a condición de peme (menos de 250 empregados); atoparse ao día en todas as súas obrigas fiscais; e ter experiencia previa en iniciativas de I+D+i e/ou plans en firme de abordalas nun futuro inmediato.

A incorporación laboral dos xestores de innovación nas 50 pemes beneficiarias do programa terá lugar durante o segundo trimestre do 2010, co apoio financeiro da Consellería de Economía e Industria desde a primeira nómina. Estes profesionais traballarán en cadansúa empresa con total autonomía, pero serán obxecto de seguimento xunto coa actividade innovadora da peme, co fin de garantir o axeitado aproveitamento dos recursos do programa. Desde o principio, todos os xestores contarán co soporte da Rede XIGA a través da plataforma online que lle dará soporte. Esta plataforma, deseñada con base nas ferramentas 2.0 dispoñibles na internet (redes sociais, foros, repositorios de documentos e todos os recursos dispoñibles para compartir e interactuar), servirá para a continua actualización de coñecementos, a posta en marcha de ideas e proxectos que impliquen a cooperación de varias empresas, o intercambio de experiencias, etc.

A continuidade da axuda estará supeditada á presentación de resultados tanxibles ao remate do primeiro ano. Estes resultados mediranse tomando como referencia o número de proxectos de I+D+i identificados, o número de proxectos realizados e en execución e os resultados acadados grazas a estes.

O INFORME FINAL DO PROGRAMA DE VIXILANCIA SANITARIA DAS ZONAS DE BAÑO EN GALICIA REFLECTE UN AUMENTO NA ACTIVIDADE E NA CALIDADE DAS AUGAS FRONTE AO 2008

- *Das 493 zonas de baño (440 marítimas e 53 continentais), o 99,2% foi cualificado como apto para o baño*
- *A Consellería de Sanidade propón a revisión da nova directiva europea, pois depende moito da variabilidade e penaliza as zonas de baño que melloran a calidade da auga durante varios anos*

No Consello da Xunta de hoxe foi presentado o informe final do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia durante o 2009. Ao comparar os resultados desta temporada cos da pasada, obsérvase un lixeiro aumento na actividade e na calidade das augas de baño, pois no 2008 había 512 puntos de mostraxe de 491 zonas de baño, e na tempada 2009 aumentouse este número en dous puntos de mostraxe e dúas zonas de baño, polo que a actividade aumentou coa vixilancia de dúas zonas de baño máis.

Durante o 2009, o 99,2% das zonas de baño foron cualificadas como aptas para o baño dun total de 493 (440 marítimas e 53 continentais) repartidas por 108 concellos galegos. Tamén se reflicte un lixeiro aumento das zonas de baño que obtiveron a cualificación máxima de “moi boa”.

No total dos 514 puntos de mostraxe, o 68,9% obtivo cualificación sanitaria de moi boa calidade, o 30,4% de boa calidade, e soamente en tres ocasións o 0,6% das augas foron cualificadas como non aptas para o baño.

Por provincias, dos 354 puntos de mostraxe de zonas que obtiveron a máxima cualificación, 184 son da provincia da Coruña, 37 de Lugo, catro da de Ourense, e 130 de Pontevedra. Outras 156 foron cualificadas como boas, 52 na provincia da Coruña, 24 para as de Lugo, 14 para Ourense, e 65 para as de Pontevedra. As tres que non reúnen as condicións sanitarias óptimas son da Coruña, Lugo e Ourense.

Proceso de mostraxe e cualificación

Decláranse zonas de baño habilitadas aquelas que, logo de solicitude dos concellos, a Consellería de Sanidade comproba que cumpren os requisitos. As marítimas son aquelas ribeiras do mar e das rías, formadas por areais ou pedregais, cunha superficie case plana e vexetación nula ou escasa. Pola súa banda, denomínanse zonas de baño continentais aqueles lugares de augas doces superficiais, correntes ou encoradas.

O Programa galego de vixilancia sanitaria das zonas de baño, que leva a cabo a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación desde mediados dos anos 80, recolle un total de nove mostras de cada zona desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro. Os datos de cualificación microbiolóxica obtidos son remitidos ás administracións locais co fin de que informen os seus usuarios e adopten, se os resultados o indican necesario, as medidas oportunas.

As augas de baño, unha vez analizadas, poden obter tres cualificacións. Cualificación 2 (apta de moi boa calidade,) que é a máxima. A continuación vén a cualificación 1 (apta de boa calidade), e, por último, 0 (non apta para o baño).

Revisión da nova directiva europea

A Consellería de Sanidade proporá á Administración Xeral do Estado, aproveitando a Presidencia española de quenda da Unión Europea, a inclusión en axenda dunha posible revisión da nova directiva –que entrou en vigor no 2008- e que será de aplicación no 2011.

Esta directiva europea establece un sistema de cálculo que ten en conta os resultados das catro últimas tempadas para a determinación da cualificación sanitaria das augas de baño. Para a Consellería de Sanidade este sistema de cualificación está moi influenciado pola variabilidade e penaliza as zonas de baño que melloran a calidade da auga ao longo do período xa que, ao contabilizar cada catro anos, non valora as melloras nese intervalo.

Así, por exemplo, este ano en Galicia tres das zonas de baño coa cualificación máis alta de moi boa, terían cualificación de insuficiente segundo a nova directiva, xa que estas zonas tiveron problemas de contaminación durante o pasado ano. Detectar eses problemas de contaminación durante o 2008 permitiu ao concello tomar medidas que resultaron nunha considerable mellora da calidade da auga; pero este feito non queda reflectido coa cualificación sanitaria da nova normativa, que penalizaría a zona de baño pasados catro anos.

Esta situación xa foi exposta polo representante da Consellería de Sanidade na Ponencia de Sanidade Ambiental do Ministerio de Sanidade e Política Social onde se fixo a solicitude de que o sistema fora revisado pola Comisión Europea, tal e como fixeron outros estados membros que tamén queren a revisión destes criterios.

TODAS AS PROBAS SELECTIVAS DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO 2008-2009 DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESENVOLVÉRONSE CON TOTAL NORMALIDADE

Na xuntanza do Consello da Xunta foi presentado hoxe un informe sobre o desenvolvemento da oferta pública de emprego (OPE) 2008-2009 do Servizo Galego de Saúde.

Este departamento publicou en decembro de 2008 a OPE correspondente a persoal licenciado sanitario, con 1.003 prazas ofertadas nun total de 47 categorías. Os exercicios da fase de oposición realizáronse o pasado 27 de xuño, e na actualidade o proceso atópase na baremación de méritos da fase de concurso, por parte dos distintos tribunais, co obxectivo de publicar os resultados antes de final de ano.

Para o resto de categorías de persoal estatutario -36 en total- a OPE publicouse en febreiro deste ano. Os exercicios da fase de oposición desenvolvéronse, con total normalidade, durante as fins de semana entre o 16 de outubro e o 15 de novembro.

A oferta comprendía 2.911 prazas e inscribíronse 72.534 persoas, das que 46.868 – o 65% dos matriculados- acreditaron posuír o Celga ou algún equivalente, polo que estiveron exentos de realizar o correspondente exercicio de coñecemento da lingua galega.

Organización das probas

O Servizo Galego de Saúde xestiona todo o proceso de organización das probas co obxectivo de garantir completamente o principio básico de confidencialidade. Polo tanto, para a confección dos exercicios transmitíuselles aos membros dos tribunais a importancia de asumir un método de traballo consistente en confeccionar unha batería de preguntas cun número superior ás necesarias para o exercicio e a confección final do exame a través dun sorteo cego entre todo o material preparado. Desta forma garántese que, desde o tribunal, ninguén coñeza o contido íntegro do exercicio final.

Así mesmo, a impresión realizárona de forma centralizada e directa responsables da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde nas dependencias deste. Unha vez realizada a impresión dos 168.000 cadernos –correspondentes aos distintos exercicios, en versión galega e castelá-, os documentos embaláronse e precintáronse en caixas identificadas que unha empresa de seguridade trasladou ao Recinto Feiral de Silleda.

Unha vez aí, as caixas foron almacenadas nunha cámara de seguridade con videovixilancia as 24 horas ata a realización dos exercicios. Nese momento, repartíronse polas portas onde se realizan os chamamentos e quitóuselles o precinto á vista de todos os presentes.

Esta seguridade mantívose así mesmo durante a realización dos exercicios, a través da prohibición de acceso aos exames con dispositivos electrónicos –PDAs, teléfonos móbiles, etc.- comprobada polo persoal de seguridade e co control en cada porta de chamamento por parte de 200 colaboradores do Servizo Galego de Saúde, que vixiaron permanentemente a entrada e saída de opositores.

Adaptacións de exames

No desenvolvemento dos exercicios, a organización realizou diversas adaptacións para persoas que acceden ao proceso con algunha discapacidade ou que no momento de realización dos exercicios requiren medidas especiais para a súa execución.

Neste sentido, foron solicitadas 635 adaptacións, a maioría delas referidas a ampliacións de tempo ou relacionadas coa luz ou o espazo, que foron canalizadas nunha porta de acceso única para o seu control e tratamento personalizado.

Delas, 27 persoas requiriron a presenza dun intérprete de lingua de signos; fíxose versión en braille dos exercicios correspondentes para dous opositores; e dez aspirantes necesitaron programas informáticos adaptados ou *telelupas* debido á súa discapacidade visual. En todos estes casos, as adaptacións foron atendidas de forma satisfactoria para o aspirante e observando en todo momento os criterios para non afectar a igualdade de acceso á función pública.

Doutra banda, 25 opositoras xestantes realizaron os seus exames en centros hospitalarios, en presenza de técnicos da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde desprazados con ese fin, que velaron para que durante a realización do exercicio se cumprira coa unidade de acto e de tempo. Estas probas, como o resto, realizáronse sen incidencias e con total normalidade.

Alerta laranxa por temporal

Por último, a fin de semana do 14 e 15 de novembro foi a máis complicada desde o punto de vista organizativo debido á concentración de aspirantes desprazados, con 10.969 inscritos para o sábado e 23.727 para o domingo.

Esta dificultade viuse incrementada cunha alerta laranxa por temporal o día 15 de novembro. Para paliar os seus efectos, a organización optou por adiantar a apertura

das portas –da que se informou con anuncios constantes pola megafonía do recinto- co obxectivo de evitar que os opositores realizasen unha longa espera no exterior.

Así mesmo, reforzáronse os servizos habituais das Urgencias Sanitarias 061, avisouse a concesionaria da autoestrada para ampliar a capacidade na peaxe e solicitouse atención especial por parte dos servizos de Protección Civil e da Policía Local de Silleda e da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra.